



## CAMPO DE TRABALLO AS CORCERIZAS (VILAR DE BARRIO-OURENSE)

DATAS	IDADES	ÁMBITO	MODALIDADE	PRAZAS
1-12/08/2015	18-30	Internacional	Bioconstrución e autoconstrución	20

### LOCALIZACIÓN

Este campo de traballo terá lugar no Centro de Educación Ambiental As Corcerizas, que se atopa no concello de Vilar de Barrio en Ourense.

Vilar de Barrio está no centro da provincia de Ourense e forma parte do contorno natural da Serra de San Mamede, no Macizo Central Ourensán, catalogado como lugar de importancia comunitaria (LIC) dentro da Rede Natura 2000. Aquí atopamos o bidueiral de Montederramo, unha das fragas de bidueiros situadas máis ao sur de Europa e considerado como un dos bosques máis importantes da provincia de Ourense. Destaca, tamén, a proximidade do centro ao alto da Serra de San Mamede, lugar visitado polas súas vistas a 1.600 m de altitude e o nacemento do emblemático río Arnoia; así como as vilas típicas da montaña galega como Rebordechao (onde se conservan construcións populares tradicionais como alvarizas, muíños de auga, fornos comunais ou palleiras), todo isto rodeado dunha paisaxe de montaña chea de pastos, carballeiras e dos imponentes cumios da serra.

O concello de Vilar de Barrio atópase a 230 km da Coruña, a 171 km de Santiago de Compostela, a 42 km de Ourense e a 15 km de Xinzo de Limia.

As Corcerizas é un centro de formación e educación ambiental xestionado pola asociación Amigos da Terra. Está autoabastecido con enerxías renovables exclusivamente, conformando unha illa enerxética; ademais do albergue rehabilitado con 40 prazas dispoñibles en literas, conta cun comedor e cunha aula de natureza, construídos baixo criterios e materiais de bioconstrución, con espazos para obradoiros e sala de usos múltiples.

### DESCRIPCIÓN DO CAMPO DE TRABALLO

As Corcerizas abre un espazo participativo para a formación práctica en bioconstrución a través de traballos colectivos que nos mostren como utilizar materiais ecolóxicos para minimizar os impactos que coa nosa forma de vida xeramos sobre a saúde, o medio e a sociedade. Rehabilitaremos estruturas dos edificios bioclimáticos: elaboración de morteiros de cal e aplicación en revocaduras de paredes interiores e exteriores; coñecemento e aplicación de pinturas ecolóxicas; tratamentos naturais para as estruturas de madeira dos edificios, baseados en aceites de liñaza.

Será tamén fundamental a colaboración dos/das voluntarios/as na vixilancia disuasiva para a prevención e

a detección de posibles incendios no ámbito forestal da Serra de San Mamede, onde se desenvolve o campo, así como traballos forestais para a limpeza de sotobosque e a restauración de zonas degradadas por lumes. O traballo baséase en colaborar cun proxecto no que podemos demostrar outros modelos de desenvolvemento humano máis respectuosos co medio que compartimos, con accións concretas que os/as participantes poidan aplicar na súa vida cotiá. En todo momento fomentamos o contacto e a conservación da natureza nun ambiente amigable, distendido e de participación.

### ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

- Obradoiros ambientais: elaboración de candeas veganas, elaboración de cosmética natural (cremas, pastas de dentes, xabóns...), auto-produción de cogomelos etc.
- Rutas interpretativas ambientais pola montaña e visitas etnográficas, con baño no río Arnoia.
- Xogos de rol, dinámicas de grupo e videoforos sobre problemáticas sociais e ambientais.
- Visita guiada pola zona vella de Ourense e baño na zona termal.
- Xincana deportiva, xogos populares, orientación na montaña etc.
- Veladas tradicionais, de relaxación, cine ao aire libre...

NOTA: estas actividades complementarias son orientativas e están suxeitas ás modificacións derivadas do propio desenvolvemento do campo de traballo.

### COMO CHEGAR


As Corcerizas atópase a 50 quilómetros da cidade de Ourense. Arnude é a vila máis próxima ás Corcerizas.

#### Xeolocalización:

Latitude: 42.1938862407; Lonxitude: -7.53330588341  
 Latitude: 42° 11' 37.989"; Lonxitude: -7° 31' 59.901"



## CAMPO DE TRABALLO AS CORCERIZAS (VILAR DE BARRIO-OURENSE)



**Por avión:** ([www.aena.es](http://www.aena.es)). Tfno.: 902 404 704  
 Aeroporto de Lavacolla en Santiago de Compostela. Tfno.: 981 547 501  
 Aeroporto de Alvedro (A Coruña). Tfno.: 981 187 200  
 Aeroporto de Peinador (Vigo). Tfno.: 986 268 200

### Por estrada:

- Liña Santiago-Ourense, liña Vigo-Ourense. Empresa MONBUS ([www.monbus.es](http://www.monbus.es)) Tfno.: 902 292 900
- Liña Lugo-Ourense. Empresa LA DIRECTA. Tfno.: 988 211 911
- Liña A Coruña-Ourense. Empresa ARRIVA ([www.arriva.es](http://www.arriva.es)). Tfno.: 902 277 482
- Liña Ourense-Vilar de Barrio. Empresa ANPIAN ([www.anpian.com](http://www.anpian.com)). Tfno.: 988 225 288

### Estacións de autobuses:

A Coruña. Tfno.: 981 184 335  
 Lugo. Tfno.: 982 223 985  
 Santiago de Compostela. Tfno.: 981 542 416  
 Vigo. Tfno.: 986 373 411 ([www.vigobus.com](http://www.vigobus.com))  
 Ourense. Tfno.: 988 216 027  
 Ferrol. Tfno.: 981 324 751

### En vehículo propio:

**Se vés desde Ourense** hai dúas posibilidades:

1. Autovía A-52 a Xinzo de Limia > Vilar de Barrio > (dirección Os Milagros ou Maceda) Arnui de (\*)
2. Estrada C-536 dirección A Pobra de Trives > Alto do Couso > Maceda > Os Milagros > (dirección Vilar de Barrio) Arnui de (\*)

### Se vés de dirección Madrid:

Autovía A-52 a Xinzo de Limia > Vilar de Barrio > (dirección Os Milagros ou Maceda) Arnui de (\*)

### Se vés de dirección Ponferrada:

Autovía A-6 saída de autoestrada 400 > estrada N-VI (1,7 km) > estrada N-120 > Quiroga > San Clodio > antiga estrada OU-504 / OU-0107 > Maceda > Os Milagros > (dirección Vilar de Barrio) Arnui de (\*)

### (\*) De Arnui de ás Corcerizas (San Mamede)

As Corcerizas está comunicada con Arnui de a través

dunha pista forestal parcialmente asfaltada de 10 km.

### Para as persoas que accedan dende Vilar de Barrio:

Ao entrar en Arnui de, despois de cruzar unha ponte, collede o cruzamento á dereita, fronte a un cruceiro de pedra, preto do supermercado Prol; deseguido, subide seguindo as indicacións das Corcerizas ata o centro.

### Para as persoas que accedan dende Maceda:

Despois de entrar en Arnui de, continuade pola estrada principal. Collede o cruzamento á esquerda, fronte a un cruceiro de pedra, preto do supermercado Prol; deseguido, seguindo as indicacións das Corcerizas ata o centro.

### Taxi Arnui de-As Corcerizas:

Para as persoas que cheguen en transporte público ata Arnui de, teñen a opción de facer o último tramo ata As Corcerizas co taxi da vila. Tfno.: 650 257 750

### Por tren:

RENFE ([www.renfe.es](http://www.renfe.es)) Tfno.: 902 240 202  
 FEVE ([www.feve.es](http://www.feve.es)) Tfno.: 981 370 401

### ALOXAMENTO E MANUTENCIÓN

Os/As voluntarios/as aloxaranse no centro de educación ambiental As Corcerizas. Pista forestal Arnui de-San Mamede, km 10, 32705 Arnui de, Vilar de Barrio (Ourense). Teléfono do albergue: 988 302 403

As comidas son preparadas con alimentos procedentes da agricultura ecolóxica local e comercio xusto na medida do posible, favorecendo o desenvolvemento dos terreos pequenos e promovendo un mundo rural vivo. Ademais, inténtase reducir o máximo posible a produción de residuos en todo o ciclo de vida dos produtos, realizando compras a granel e coa mínima embalaxe posible. Nas propias instalacións facemos separación selectiva dos residuos xerados e faise compostaxe cos restos orgánicos derivados das comidas. Dentro da xestión levada a cabo no propio equipamento, cabe destacar a depuración biolóxica das augas residuais mediante a utilización dun sistema de plantas acuáticas en flotación, que reproduce o funcionamento dun ecosistema de braña de forma natural e crea un hábitat sumidoiro de carbono.

### INCORPORACIÓN

O día 1 de agosto, ás 18.00 h, no albergue das Corcerizas. A través da páxina web e do Facebook facilitarase a opción de compartir coche dende Ourense entre os/as participantes do campo. A partir das 16.30 h estará aberto para a recepción.

### COTA

Noventa (90 €) euros

### DEVOLUCIÓN DA COTA



## CAMPO DE TRABALLO AS CORCERIZAS (VILAR DE BARRIO-OURENSE)

Soamente se devolverá a cota no caso de **suspensión da actividade**.

### EQUIPO ACONSELLABLE

Útiles de aseo  
Saco de durmir e mochila para rutas  
Calzado axeitado para montaña e calzado deportivo  
Roupa: de deporte, de baño, de abrigo, de auga, de traballo (luvas, gorro...)  
Protección solar e unha lanterna

### DOCUMENTACIÓN

Todas as persoas participantes deberán levar o seu DNI e a tarxeta sanitaria.

### SEGURO

Todas as persoas participantes dispoñen dun seguro que cobre os accidentes que se poidan producir durante a actividade e a responsabilidade civil que deles se poida derivar.

### CONTACTOS

Amigos da Terra Ourense: 988 374 318/677 292 557  
Enderezo electrónico: [info@ascorcerizas.com](mailto:info@ascorcerizas.com)

Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado. Tlfnos.: 981 544 838 e 981 957 1115

Servizo de Xuventude en Ourense. Tfno.: 988 386 118

### INFORMACIÓN ADICIONAL

[www.xuventude.net](http://www.xuventude.net). Portal da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado da Xunta de Galicia con toda a información sobre campos de traballo, lecer e tempo libre, actividades, formación...

[www.ascorcerizas.com](http://www.ascorcerizas.com). Páxina do centro de educación ambiental con información sobre a situación, o proxecto...

[www.santiagoturismo.com](http://www.santiagoturismo.com). Información sobre a cidade de Santiago de Compostela, os transportes, os accesos...

[www.coruna.es](http://www.coruna.es). Información sobre a cidade da Coruña, os transportes, os accesos...

[www.ourense.es](http://www.ourense.es). Páxina do Concello de Ourense con información turística, a historia, a situación, os transportes...

[www.ribeirasacra.org](http://www.ribeirasacra.org). Páxina do Consorcio de Turismo da Ribeira Sacra con información sobre as actividades, a historia, os accesos...

[www.xacobeo.es](http://www.xacobeo.es). Páxina oficial sobre o Camiño de Santiago e outros eventos.

[www.turgalicia.es](http://www.turgalicia.es). Portal de información turística de Galicia.

[www.alsa.es](http://www.alsa.es). [www.avanzabus.com](http://www.avanzabus.com). Páxinas con información sobre transporte desde outras comunidades autónomas.